



PAT E POAP

Curso 2025/2026

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL E ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL

1.XUSTIFICACIÓN

2.OBXECTIVOS

- ❑ RESPECTO AOS ALUMNOS/AS.
- ❑ RESPECTO AO PROFESORADO.
- ❑ RESPECTO AOS PAIS.
- ❑ RESPECTO A OUTROS AXENTES.

3. PLANIFICACIÓN XERAL E ACCIÓNS PRIORITARIAS

1.PLAN DE ACCIÓN TITORIAL (PAT)

- ❑ PROGRAMAS
- ❑ TIPOS DE ACTIVIDADES DA ACCIÓN TITORIAL:
- ❑ ACCIÓNS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN CON RESPECTO AO P.A.T.

2. PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL (POAP)

- ❑ PROGRAMAS
- ❑ ACCIÓNS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN CON RESPECTO AO P.O.A.P.

4. ESTRATEXIAS ORGANIZATIVAS E DE INTERVENCIÓN

- ❑ FORMA DE ORGANIZACIÓN DA ACCIÓN TITORIAL NO CENTRO.

5. AVALIACIÓN

1. XUSTIFICACIÓN

A Educación Secundaria constitúe unha etapa cun valor social integrador na que se pretende mellorar a calidade educativa e facilitar o acceso ao mundo do traballo, así como preparar para abordar estudos superiores (función propedéutica). Dita etapa coincide cos anos en que os escolares viven un proceso de cambio especialmente significativo, onde é necesario ter en conta as características evolutivas dos adolescentes: fisiolóxicas, afectivas, cognitivas, valores, relacións sociais, tendo en conta que existe un vínculo forte co grupo de iguais.

É por todo iso que consideramos que desde o Departamento de Orientación en particular e dende o centro en xeral, débense ter en conta esas premisas á hora de elaborar a programación de actividades, entendendo a orientación como un proceso de axuda a todos os membros da comunidade educativa (profesorado, alumnado, familias...).

A elaboración e desenvolvemento do Plan de Acción Titorial e Orientación Académica constitúe unha das tarefas básicas para contribuír á mellora e a calidade da oferta educativa, que realizamos no noso centro. Debe servirnos para convencer e comprometer, a todos os membros da comunidade educativa, na idea de que a Orientación e Acción Titorial son instrumentos de gran eficacia, tanto para previr dificultades e problemas, como para facilitar o desenvolvemento vital e a aprendizaxe dos nosos alumnos e a súa futura inserción na sociedade.

Detallamos a continuación os puntos de referencia que conformaran a proposta orientadora deste centro así como a base para a elaboración do Plan de Acción Titorial e de Orientación Académica e Profesional:

O contexto teórico vaise sustentar no que se desprende da LOE, é dicir, tenderase á actuación por programas, tomando aportacións do modelo de consulta colaborativa (Bisquerra 1998).

O sistema de orientación está configurado en tres niveis:

O 1º nivel é o de acción titorial, no que o conxunto do profesorado, coa coordinación do profesor titor, realiza a acción máis directa co alumnado (conforme indica o art. 91 da LOE, forma parte da acción docente), e que constitúe o eslabón fundamental cara a o cal deben dirixirse os esforzos dos outros dos niveis.

O 2º nivel constitúe o departamento de orientación, deseñado como órgano de coordinación de tódalas accións orientadoras do centro, que debe traballar en estreita coordinación cos titores aínda que tamén realizar outras funcións especializadas.

O 3º nivel ou de zona , que está constituído polos equipos de sector (EOE), equipos multidisciplinares que prestan un apoio técnico e especializado aos centros educativos, estando distantes da acción directa cos alumnos.

Deste xeito enténdese a orientación coma un labor de todo o equipo docente e por extensión de toda a comunidade educativa, sendo o orientador/a un dinamizador deste proceso. As actuacións a desenvolver non se limitarán soamente a actuacións puntuais senón que pretenden establecer un continuo orientador que abarque toda a escolaridade dos alumnos e alumnas, abarcando mais aló do período escolar e contemplando aspectos da transición ao longo da vida activa.

Destacar así mesmo que a nosa concepción da orientación non se limita exclusivamente aos alumnos/as senón que abranguerá aos diferentes membros da comunidade educativa (profesores, alumnos...), tanto na faceta de receptores coma de impulsores do proceso orientador.

2. OBXETIVOS

En función das necesidades estableceremos bloques dirixidos aos distintos membros da comunidade educativa (pais, profesorado, alumnado e demais axentes educativos):

2.1. Respecto aos alumnos/as:

- ☑ Establecer mecanismos de mellora do aprendizaxe do alumno que o leven a realizar un aprendizaxe autónomo.
- ☑ Establecer un sistema de apoio ao proceso de ensino e aprendizaxe que permita a diminución do fracaso escolar.
- ☑ Adquisición de habilidades e estratexias que lle permitan levar a cabo unha toma de decisións autónoma que favorezan a elección de estudos superiores ou incorporación á vida laboral.
- ☑ Desenrolar estratexias de análise da información e habilidades de busca de emprego que favorezan a transición á vida activa.
- ☑ Desenrolar unha batería de habilidades sociais que favorezan a convivencia entre os distintos membros da comunidade educativa, así como a expresión dos puntos de vista e opinións propias respectando ás do resto.
- ☑ Desenvolver habilidades sociais que favorezan a convivencia e o respecto entre o alumnado dos distintos grupos especialmente da FP Básica.
- ☑ Fomentar o emprego das tecnoloxías da información como instrumento de búsqueda de información para a toma de decisións académicas e profesionais
- ☑ Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar.

2.2. Respecto ao profesorado:

- ☑ Desenrolar estratexias e proxectos que fomenten o traballo en equipo en accións prioritarias como a acción titorial, prevención do fracaso escolar, mellora da convivencia e integración do alumnado, transición a estudos superiores, á vida activa. Partindo dun traballo máis individual e en paralelo ao currículo pretendemos dar pasos para a introdución destas accións dunha forma transversal a través das distintas materias e módulos.
- ☑ Asesoramento colaborativo ao conxunto do profesorado á hora de elaborar as distintas programacións didácticas seguindo os parámetros establecidos legalmente e as novas estruturas das mesmas.
- ☑ Implicar coa colaboración do equipo directivo á comunidade educativa na elaboración do Plan de Acción Titorial e de Orientación Académica e Profesional.
- ☑ Establecer mecanismos de colaboración e traballo conxunto co resto do profesorado no proceso de elaboración da nova documentación do centro, concretada na reelaboración do proxecto educativo.

2.3. Respecto aos Pais:

- ☑ Desenrolar conxuntamente co equipo directivo e titores accións periódicas de asesoramento e información aos pais.
- ☑ Establecer canles de colaboración fluída e periódica cos pais dos distintos grupos.
- ☑ Realizar comunicacións planificadas de información a pais (xornadas de acollida, seguimento educativo, actividades complementarias...)

2.4. Respecto a outros axentes.

- ☑ Desenrolar estratexias e procedementos que favorezan a convivencia entre os distintos membros da comunidade educativa (alumnos - persoal de administración e servizos...)

- ☑ Continuar e afondar en procedementos de colaboración con outros axentes sociais locais como equipo psicolóxico do concello, traballadora social, educadora social.
- ☑ Continuar e fomentar os mecanismos de colaboración con emisoras de radio local para dar a coñecer informacións relevantes da vida do centro (reunións de pais, convocatorias, prazos de matrícula, oferta educativa...)
- ☑ Establecer canles de colaboración co departamento de orientación do I.E.S. Basanta Silva e outros centros da Comarca que favorezan o tránsito do alumnado entre os centros.
- ☑ Difundir as ofertas destas ensinanzas e informar sobre elas, atendendo ás condicións, ás necesidades e aos intereses das persoas que demanden a información.
- ☑ Informar e orientar sobre as oportunidades de aprendizaxe, acreditación de competencias, probas libres, posibles itinerarios formativos para facilitar a inserción e a reinserción laborais, a mellora no emprego, á poboación en xeral que así o demande.

Finalmente indicar que dado o carácter flexible e emerxente deste plan, ao longo do curso irán xurdindo novos obxectivos en función do transcórrexer do proceso educativo.

3. PLANIFICACIÓN XERAL E ACCIÓNS PRIORITARIAS

3.1. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

3.1.1. PROGRAMAS

Dentro deste plan as actuacións irán encamiñadas a tres campos de actuación fundamentais que logo se concretarán en **programas** según demanden as necesidades de cada ano académico.

ACOLLIDA E CONVIVENCIA

A importancia dos procesos de acollida e convivencia acadan cada vez maior protagonismo na acción educativa. Debemos deseñar e establecer liñas de acción prioritarias, actuacións en relación á **promoción da convivencia e a resolución pacífica de conflitos** no marco dunha escola plural. Actuacións como a mediación escolar, dinamización da xunta de delegados, negociación das normas de convivencia, titorización entre iguais, elaboración e uso de protocolos para a prevención e control do acoso escolar, do absentismo escolar, incorporación de contidos relacionados coas habilidades sociais, a autoestima..." Igualmente non esqueceremos como complemento propostas dirixidas tanto ao profesorado como aos pais.

Algúns Contidos a traballar neste programa:

- Actividades de acollida: Benvida da directora..., visita instalacións do Centro.
- Presentación e coñecemento dos membros do grupo, encontro co titor. Explicación do funcionamento da hora de titoría.
- A asemblea de clase como medio para favorecer o diálogo, a participación e os procedementos de escoita activa.
- Participación na vida do Centro. Coñecemento das Normas de Organización e Funcionamento do Centro (NOFC) e as súas implicacións nas normas de clase. A importancia da disciplina. A elección de delegado/a.
- Dereitos e deberes do alumno/a.
- A resolución de problemas dentro do grupo. O consenso como forma de lograr acordos e tomar decisións.
- O Acoso Escolar, Que facer? A quen podo acudir? Como podo axudar ou quen me pode axudar?

EDUCACIÓN AFECTIVA E EMOCIONAL.

Os aspectos afectivos e emocionais tiveron tradicionalmente unha consideración educativa secundaria, esquecendo en gran medida que para que poida realizar aprendizaxes é preciso que o alumno se desenvolva nun clima que lle resulte afectiva e emocionalmente estable. Igualmente os procesos educativos se teñen centrado basicamente no desenrolo cognitivo, esquecendo outros aspectos fundamentais, como por exemplo o afectivo e emocional. Proba da importancia que se lle da ao desenvolvemento da afectividade atopámola na **LOE** onde se fai referencia explícita dentro dos obxectivos das distintas etapas ao desenrolo de capacidades afectivas (art 13, 17, 23); igualmente no artigo 71 sinalase que as Administracións educativas disporán os medios necesarios para que todo o alumnado acade o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social y emocional.

Algúns Contidos a traballar neste programa:

- Os valores persoais.
- O respecto por os demais
- Racismo, Xenofobia
- As habilidades sociais.

- A resolución de conflitos.
- Autoconcepción - autoestima.
- As relacións familiares e de amigos.
- A adolescencia e os conflitos familiares.
- As redes sociais.
- As adicións.

ESTRATEGIAS DE ESTUDO E APRENDIZAXE

A redución do fracaso escolar conxuntamente co desenvolvemento de competencias por parte do alumnado, é un dos eixes fundamentais da maioría das políticas educativas que se desenvolven actualmente. Trátase dun fenómeno complexo que é preciso contextualizar a cada situación e realidade, e no que se fai imprescindible o desenvolvemento de accións coordinadas, coa implicación de todos os axentes educativos. Non podemos esquecernos ao falar de aprendizaxe dos aspectos disposicionais, sabemos que a aprendizaxe require un esforzo activo do individuo, co que é necesario comprometerlo (motivalo) para que realice ese esforzo.

Por iso a través deste bloque de actuacións preténdese contribuír ao desenvolvemento da capacidade do alumno para realizar aprendizaxes de forma autónoma e reflexiva, á vez que contribuír a que o alumnado alcance o éxito a nivel académico.

Resulta, igualmente prioritario atender á diversidade das alumnas e alumnos e contribuír de xeito equitativo aos novos retos e as dificultades que esa diversidade xera.

Algúns Contidos a traballar neste programa:

- Avaliación do rendemento e da dinámica grupal.
- A organización do traballo e do tempo de estudo, o compromiso persoal.
- Técnicas de traballo intelectual
- As técnicas de estudo. Como estudar unha lección. O subliñado. O esquema. O resumo.
- A preparación de exames.
- Os apoios e reforzos a pequenos grupos ou individuos.

3.1.2. TIPOS DE ACTIVIDADES DA ACCIÓN TITORIAL:

a) Do Equipo Directivo, Departamento de Orientación e Tutores.

Consisten en actividades de acollida a principios de curso: recepción de alumnos coa Directora, tutores/as e orientadora, presentacións, comunicación de horarios, visita instalacións, etc.

b) De tutores co alumnado:

- Recollida de suxestións para o Plan de Acción Titorial e Orientación Académica, información xeral sobre a estrutura e organización do Centro, etc.
- Actividades de coñecemento persoal e grupal.
- Actividades de seguimento individualizado: control da asistencia a clase, supervisada polo Xefe de Estudos, entrevistas individuais para o seguimento do desenvolvemento persoal, do rendemento académico e hábitos de estudo, toma de decisións, etc...
- Actividades grupais: son as que se desenvolven na hora de tutoría grupal ou noutros momentos dispoñibles:
 - Elección delegados e subdelegados
 - Normas de funcionamento dos grupos
 - Seguimento dinámica grupal
 - Preparación das avaliacións

- Proceso de toma de decisións
- Técnicas de resolución de problemas
- Técnicas de regulación e autocontrol.
- Actividades suxeridas polo alumnado
- Actividades de avaliación da titoría.

c) Actividades de titores coas familias:

- ☐ Reunións de acollida para dar información xeral e coñecer ás familias. Realizaranse preferentemente no primeiro trimestre
- ☐ Reunións extraordinarias se son necesarias, convocadas desde a Xefatura de Estudos, titoría implicada, e Departamento de Orientación.
- ☐ Entrevistas que teñen lugar na hora en que o titor dedica a atender aos pais de alumnos/as do seu grupo. Poden ser convocadas polo titor, polos pais ou por un profesor da Xunta de Profesores. O D.O. participa nelas se así se require.
- ☐ Contactos non estruturados, chamadas telefónicas, etc.

d) Do Departamento de Orientación co alumnado:

Ao longo do curso, dada a especificidade de certas situacións e temáticas, desenvolveranse por parte do Departamento de Orientación actividades directas co alumnado. Estas poden ser cun grupo-clase concreto ou con varios grupos dependendo da temática a abordar.

Igualmente o Departamento de Orientación para algunhas destas actividades pode contar coa colaboración de axentes externos ao centro.

Todas estas actividades terán que ser previamente aprobadas polos órganos competentes do centro e recollidas no Plan Anual do Departamento de Orientación.

- ☐ Actividades de asesoramento vocacional.
- ☐ Actividades de mellora da convivencia e relación entre iguais.
- ☐ Actividades de favorecemento de condutas responsables por parte do alumnado.
- ☐ Actividades de implicación do alumnado na vida do centro.

3.1.3. ACCIÓNS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN CON RESPECTO AO P.A.T.

- ☐ Acordo nunha primeira reunión sobre como se fará a acollida dos alumnos a principio de curso: presentación de titores, horarios, dependencias do centro, calendario de avaliacións, cuestións de disciplina e faltas de asistencia, estrutura e organización do centro, funcionamento do D.O., día de atención a pais, a alumnos, etc... , actividades de presentación e coñecemento grupal.
- ☐ Acordo cos titores de cada nivel sobre as actividades máis convenientes para cada trimestre.
- ☐ Entrega de material e de actividades ao profesorado para traballar no tempo da titoría.
- ☐ Apoio o labor dos titores no seguimento de casos individuais, acordando medidas para favorecer o desenvolvemento persoal, rendemento académico, proporcionando materiais para traballar co alumno, dando pequenas orientacións, planificando entrevistas individuais, etc..., mediando en conflitos ou crises se é necesario.
- ☐ Participación en entrevistas que se celebren co profesor. titor ou outro profesor da Xunta de Profesores se se estima oportuno.
- ☐ Entrega de información aos titores sobre diversos temas a tratar nesas reunións se así se considera necesario.
- ☐ Transmisión de información aos titores para que chegue ata as familias o coñecemento do funcionamento do D.O. e o horario en que poden ser atendidos.

- ❑ Asistencia a reunións extraordinarias que se convoquen desde a Xefatura de Estudos ou Equipo Directivo, co fin de tratar temas específicos.
- ❑ Participación nas actividades de acollida a alumnos e pais
- ❑ Deseño e establecemento de accións tendentes á integración do alumnado a nivel de centro e do grupo-clase
- ❑ Accións de asesoramento e intervención personalizado en caso de dificultades na integración ou dificultades na convivencia no centro de algún alumno/a
- ❑ Colaboración cos Servizos Sociais do Concello ou outros organismos para integración do alumnado con maiores dificultades
- ❑ Accións de detección de necesidades educativas e realización das avaliacións psicopedagóxicas necesarias.
- ❑ Elaboración de accións conxuntas do profesorado para introdución transversal de técnicas de estudo que favorezan a aprendizaxe.
- ❑ Actividades de asesoramento a pais sobre axuda ao estudo dos fillos.

3.2. PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL (POAP)

Este plan de por si necesario en calquera centro, cobra especial importancia no noso ao ter unha oferta formativa moi variada que inclúe bacharelatos, ciclos formativos, e educación de adultos, niveis educativos moitos deles que teñen como finalidade básica a incorporación do individuo á vida activa.

3.2.1. PROGRAMAS

Dentro deste plan as actuacións irán encamiñadas a dous campos de actuación fundamentais que logo se traducirán en **programas** según demanden as necesidades de cada ano académico.

ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL.

Cada vez son mais vertixinosos os cambios de carácter económico, social e laboral que se producen, o que ven a xustificar aínda mais a necesidade da orientación educativa como un proceso continuo ao longo de todo o proceso educativo. Na **LOE** queda claramente recollida esta prioridade, así no artigo 1 sinalase como un principio a orientación educativa e profesional. Pero na mesma lei o longo da regulación das distintas etapas tamén se fai referencia explícita á importancia destas procesos.

Algúns Contidos a traballar neste programa:

- ❑ Orientación escolar: visión xeral das etapas educativas.
- ❑ Orientación escolar. O sistema educativo: O Bacharelato, os Ciclos Formativos a Educación de Adultos.
- ❑ O proceso de tomar decisións e a resolución de problemas en relación ás eleccións persoais e vocacionais.
- ❑ O itinerario persoal e a súa proxección no futuro.
- ❑ Orientación vocacional e profesional. O coñecemento dun mesmo: intereses profesionais, coñecemento e valoración das aptitudes persoais, reflexión sobre a propia personalidade, valoración da traxectoria académica persoal.

TRANSICIÓN Á VIDA ACTIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR

Os cambios sociolaborais que se están a producir , a aparición de profesións emerxentes, a aparición de novas fontes de emprego, a introdución das tecnoloxías da información e da comunicación... provocan cambios de carácter económico, social e laboral que fan preciso que desde o sistema educativo se lles dea resposta. Por elo se fai necesario o

deseño de procesos orientadores planificados que formen aos alumnos e alumnas en destrezas e habilidades que lles permitan unha inserción sociolaboral satisfactoria e de calidade. Estes procesos xa non só abarcan á vida escolar do individuo senón que se desenvolven ao longo de toda a vida das persoas.

Sinalamos coma unha liña prioritaria de actuación o **fomento da cultura emprendedora**; as actuacións en relación á etapa de **transición da formación ao mundo laboral** ou viceversa; as actuacións relacionadas co **asesoramento ás persoas adultas** sobre as diferentes oportunidades de aprendizaxe e inserción laboral e **acreditación de competencias**.

Algúns Contidos a traballar neste programa:

- O mundo do traballo, a relación entre estudos e profesións.
- Coñecemento da contorna escolar e profesional. O sistema educativo actual.
- A inserción profesional. O mundo laboral.
- Os ciclos formativos de formación profesional básica, de grao medio e de grao superior.
- O carácter emprendedor.

3.2.2. ACCIÓNS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN CON RESPECTO AO P.O.A.P.

- Elaboración para entrega aos titores de procedementos e guións de actuación para asesorar a alumnos e pais (en reunións e entrevistas tanto individuais como colectivas)
- Desenvolvemento de actividades para coñecer os intereses e preferencias vocacionais dos alumnos do centro
- Profundización e concreción das opcións do alumnado dos últimos cursos
- Elaboración de material informativo para entrega a todo o alumnado
- Organización entrevistas alumnado con alta incertidume
- Asesoramento sobre itinerarios e modalidades en función dos intereses e preferencias.
- Establecemento de reunións periódicas con profesores titores para seguimento das actividades de orientación vocacional
- Elaboración de dossier de transición á vida activa para alumnado final ciclos formativos e 2º Bacharelato, Adultos.
- Elaboración dossier acceso ao sistema universitario (probos e proceso de admisión e matriculación)
- Accións de asesoramento a pais de alumnos do centro
- Elaboración e presentación accións educativas para dar a coñecer a oferta educativa do IES á comunidade educativa (pais, alumnos...) da Comarca
- Accións de presentación da oferta educativa fora do centro (radio, prensa, outros centros...)
- Accións de presentación da oferta educativa no propio centro (pais, alumnos...)
- Accións de asesoramento aos potenciais novos alumnos (propios alumnos e pais) do centro
- Accións de asesoramento aos novos alumnos (propios alumnos e pais) do centro
- Accións de asesoramento transición á vida activa alumnos recen titulados e antigos alumnos
- Accións de asesoramento acceso a estudos superiores
- Aplicación programas para coñecemento intereses e preferencias vocacionais
- Elaboración protocolo recollida datos inserción laboral para alumnado que remata ciclos
- Deseño e implementación de accións tendentes ao coñecemento das etapas posteriores para o alumno que remata estudos

- ❑ Accións tendentes a dar a coñecer aos pais de alumnos que rematan estudos (características, funcionamento...) das etapas posteriores
- ❑ Elaboración dossier sobre o proceso de acreditación de competencias por parte da poboación adulta.

4. ESTRATEXIAS ORGANIZATIVAS E DE INTERVENCIÓN

Neste apartado detallaremos as estratexias de intervención que nos van a permitir desenvolver as accións anteriormente.

É preciso sinalar unha serie de pautas que permitan clarificar as actuacións que se van a desenvolver.

- ❑ A totalidade do equipo educativo e non só o profesor titor é responsable de apoiar ao alumno no seu desenvolvemento, orientación e aprendizaxe.
- ❑ Levarase a cabo unha planificación das actividades orientadoras dirixidas á comunidade educativa en xeral e ao alumnado en particular (PROGRAMAS). Esta planificación establecerase no Plan Anual e será a concreción e o desenvolvemento para un curso do recollido no Plan de Acción Titorial e de Orientación Académica e Profesional aquí recollido.
- ❑ Esta planificación terá un carácter emerxente sendo susceptible de cambios en función das necesidades que vaian xurdindo.
- ❑ Corresponde á Xefatura de Estudos a coordinación e dirección das actividades de orientación e tutoría en colaboración co Departamento de orientación de acordo co establecido neste Plan de Acción Titorial e de Orientación Académica e Profesional e as directrices marcadas pola C.C.P.
- ❑ O Departamento de Orientación apoia e colabora co profesorado no desempeño da función titorial.
- ❑ O Departamento de Orientación traballa cos profesores e coas demais instancias educativas do centro nun contexto de colaboración e participación, buscando o maior grado de consenso e sintonía no desenvolvemento de cada actuación.
- ❑ O Departamento de Orientación pide e ofrece colaboración como único medio de afrontar as demandas que plantexa o labor educativo.
- ❑ No presente plantexamento orientador considerase a implicación da familia como un elemento fundamental, non só nos labores directamente relacionados coa orientación, senón a nivel da acción educativa en xeral.
- ❑ Será preciso establecer unha coordinación de horarios e espazos para poder desenvolver as propostas contempladas na documentación referida á orientación. Destaca a necesidade de coincidencia horaria para poder levar a cabo as reunións do departamento de orientación e as de tutores.

4.1. FORMA DE ORGANIZACIÓN DA ACCIÓN TITORIAL NO CENTRO.

- ❑ A coordinación da acción titorial corre a cargo de Xefatura de Estudos, contando coa colaboración do D.O.
- ❑ As **titorías asígnanse** aos diferentes tutores atendendo na medida do posible aos seguintes **criterios**:
 - ❑ Asegurar a continuidade dos tutores dentro dun mesmo grupo-clase
 - ❑ Atender ás preferencias manifestadas polo profesorado.
 - ❑ Profesorado que de clases a todo o grupo completo.
 - ❑ Unha vez ao trimestre como mínimo celebrárase unha reunión do D.O. e a Xefatura de Estudos cos tutores para a coordinación e desenvolvemento da Acción Titorial. Igualmente

ao comezo do curso celebrárase unha reunión inicial para coñecer necesidades e establecer as accións a desenvolver.

- Trimestralmente reúnese a Xunta de Profesores presidida e coordinada polo P. Titor/a, para a avaliación do seu grupo de alumnos. Os resultados e acordos obtidos comunicáranse á Xefatura de Estudos.
- Ao longo do curso producíranse cantas reunións requíranse entre o profesor titor e a Xunta de profesores do seu grupo.
- Reunión con membros do D.O. cando se expoñan demandas individuais, revisión de adaptacións do alumnado NEAE, solicitude de materiais, etc...

5. AVALIACIÓN

As actuacións recollidas no Plan de Acción Titorial e de Orientación Académica e Profesional someteranse a un proceso continuo de avaliación formativa. As actividades de avaliación irán encamiñadas a :

- Valorar en que medida imos logrando os obxectivos propostos.
- Obter máis e mellor información sobre as características do sistema socioeducativo no que se sitúan os nosos alumnos e alumnas.
- Mellorar os deseños da intervención orientadora e psicopedagóxica aproveitando a retroalimentación informativa para corrixir e adaptar ditos deseños de cara a conseguir una maior eficacia.

A avaliación que imos a realizar ten un carácter interno xa que vai a ser realizada polos propios implicados no plan. En todo caso poderase levar a cabo unha avaliación externa por parte da Administración educativa que nos axudará a contrastar os datos recollidos a través da avaliación feita a nivel interno.